

■ O sindicato organizou unha xornada con motivo dos dezaseis anos desde a aprobación da Lei de prevención de riscos laborais

CCOO PIDE A CREACIÓN DUN REXISTRO DE EMPRESAS SANCIONADAS POR INCUMPRIR A NORMATIVA DE PREVENCIÓN DE RISCOS



6

Ascensión Esteban (secretaria de Saúde Laboral de CCOO), Beatriz Mato (conselleira de Traballo da Xunta de Galicia) e Xosé Manuel Sánchez Aguión (secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO)

Comisións Obreiras (CCOO) reclama a creación dun rexistro de empresas sancionadas por incumprir a normativa de prevención de riscos laborais. Así o expresou a secretaria de Saúde Laboral, Ascensión Esteban, no marco dunha xornada organizada polo sindicato o pasado 7 de xuño con motivo dos dezaseis anos transcorridos desde a aprobación da Lei de prevención. A sindicalista tamén instou a que a Fiscalía e a Inspección de Traballo actúen con axilidade na investigación dos accidentes de traballo.

Na inauguración da xornada, o secretario xeral de CCOO, Xosé Manuel Sánchez Aguión, criticou o «desprezo más absoluto» manifestado por preto do 30% dos empresarios, que «reiteradamente incumpren» a normativa, e cualificou de «indecente einxustificada»

a cifra de sinistros laborais.

A xuventude, as mulleres e as persoas maiores de 45 anos e inmigrantes soportan as peores condicións laborais

e as maiores taxas de precariedade. Polo tanto, explicou, «padecen especialmente as consecuencias da sinistralidade», e indicou que numerosos estudos evidencian que as persoas que traballan en condicións de precariedade «teñen ata tres veces máis posibilidades de sufrir un accidente».

Pola súa parte, Ascensión Esteban, facendo unha análise da situación nos últimos anos, constatou un «cambio de tendencia» a partir de 2002, que se concretou máis recentemente coa aprobación do Plan Estratégico 2006-2010 e a creación do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA).

Precisamente, o Plan e o ISSGA son froitos do anterior proceso de diálogo social, ferramenta á que CCOO «damos moita importancia», sinalou Ascensión Esteban.

CARAMELO E NAVANTIA, DÚAS VITORIAS DE ESPECIAL RELEVANCIA

No mes de xuño producíronse nas eleccións sindicais dúas vitorias de especial relevancia: en Caramelo e Navantia.

CCOO logrou a maioría absoluta na empresa téxtil e recuperou así o primeiro posto na representación sindical ao obter sete dos nove membros que integran o actual comité de empresa. Para Comisións, é unha vitoria «muito significativa» por mor da intensa pre-

sión que sufriu o sindicato na Coruña, cidade que mesmo foi empapelada por outra organización con mensaxes inxuriosas.

CCOO tamén gañou nos emblemáticos estaleiros da ría ferrolá. En Fene, o sindicato pasou de tres a catro delegados, recuperando a maioría perdida nas anteriores eleccións. No caso de NAVANTIA Ferrol, CCOO foi a opción sindical máis votada nos dous colexios.